

ct

Tras Tannhäuser

de
Ernesto Is

(fragmento en galego)

NOTA PREVIA

Os materiais textuais aquí publicados forman parte dun todo escénico que recibiu o nome de Tras Tannhäuser na súa estrea no ano 2017 na cidade de Vigo baixo a dirección de César No. Xamais poderían concibirse dun xeito independente e pleno; afastados das súas dúbidas e silencios, da súa luz e dos seus baleiros, daquelas accións a partir das cales naceron, se desenvolveron, se transformaron e –incluso algúns– morreron durante o proceso de creación e madurez propio dun espectáculo.

Foron os corpos e as voces das miñas compañeiras Nerea Brey, Sonsoles Cordón, Dunia Díaz e Carlota Mosquera as que chegaron ata onde eu non puiden facelo coas miñas letras na construción desta peza instalada fóra dos límites do canónico.

Gustárame que as lectoras e lectores cruzaran o limiar de Tannhäuser coa incerteza das naves que confían nunha cartografía mal debuxada, aquelas nas que é necesario perderse para logo acharse. Ou talvez non.

TRAS TANNHÄUSER



Tras Tannhäuser estreouse o 3 de febreiro de 2017 na Sala Ártika de Vigo pola compañía Feira do Leste, con dirección de César No.

O Instituto de la Juventud (INJUVE) seleccionouno no seu Programa de Creación Joven do ano 2016.

Quite an experience to live in fear, isn't it?
Roy Batty (Rutger Hauer), Blade Runner

ESCAPADA

- Vés conmigo?
- Vou.
- Por que non te vas?
- Voume.
- Vaite.
- Vés?
- Vaite.
- Quedas comigo?
- Quedo.
- Vaite.
- Voume.
- Vén.
- Ves?
- Vou.
- Vén.
- Voume.
- Por favor, non te escapes.

TEORÍAS NO CAOS

Se colocamos un obxecto no vértice dunha pirámide nunca saberemos cara onde caerá. Podemos predicilo. Podemos pensar: vai caer á esquerda ou vai caer polo lado dereito. Podemos aventurarnos, si, pero a única certeza á que aferrarnos é o inicio, nunca o final. Este é un dos principios da teoría do caos. Aquela da bolboreta provocando furacáns, maremotos e demais cataclismos na outra parte do mundo cun bater de ás.

Cada vez que inicio algo, cando tento trazar un sendeiro correcto e seguro polo que percorra algún momento da miña vida, síntome coma un obxecto esvarando por unha cara do prisma. Un obxecto inútil e suicida.

Por que esa manía animal de buscarlle sentido a todo? Realmente importa tanto a perfección?

GOD SAVE THE QUEEN

- Hai que destruír o teatro ou vivir no teatro?
- Bueno, carallo... Non te poñas exquisita.
- É de Lorca. Crin que lle caía ben á escena.
- Traes as impros preparadas da casa?
- Preparadas non, arranxadas.
- Entón saberás o que é máis axeitado agora...
- Como agora?
- Hoxe, aquí, neste teatro, diante de toda esta xente.
- A min non me preguntes. Eu non vivo do teatro.
- Es das que o destrúen.
- Son eu mesma. Gozo co que máis quero.
- Podes ser unha tartaruga...
- E que é iso que tanto queres?
- Eu que sei! Bastante teño con pagar as facturas.
- Sen intelectualismos, o primeiro que che veña á cabeza.
- É obrigatorio responder agora?
- Podes ser unha tartaruga...
- Tes que escoller algo. Todos temos que ser algo.
- Xa sei... Quero ser a raíña de Inglaterra!
- Ou podes ser unha tartaruga...